

**ACTO ACADÉMICO INSTITUCIONAL DE CLAUSURA DOS ACTOS
DO 50 ANIVERSARIO DA LICENCIATURA DE MATEMÁTICAS NA
USC E DA FESTIVIDADE DO SAN ALBERTE MAGNO**

Aula Magna -Facultade de Matemáticas- 14 de novembro de 2008

Juan M. Viaño Rey - Decano

Mfco. Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela,

Sr. Director Xeral de Calidade e Ordenación do SUG,

Sra. Subdirectora do PGIDIT

Decanos e vicedecanos das Facultades de Ciencias da USC,

Autoridades académicas e políticas, representantes de entidades e organismos patrocinadores, alumnos, profesores e persoal da Facultade, señores e señoras:

En nome do equipo decanal, da Comisión do 50 Aniversario e do claustro de profesores e persoal da Facultade de Matemáticas quero darlles a benvida a esta casa e agradecer a vosa presenza neste acto co que pechamos a celebración dos 50 anos da implantación moderna destes estudos na Universidade de Santiago de Compostela e con que tamén honramos ao noso patrón científico, San Alberte Magno.

Fai agora un ano a Xunta de Facultade acordou a conmemoración desta efeméride como lembranza histórica da creación da Licenciatura e dos feitos máis importantes destes 50 anos, que servira de homenaxe e recoñecemento a todos os que teñen contribuído a colocar a Facultade no destacado lugar que ocupa hoxe.

Con este obxectivo, durante este ano, levamos traballando intensamente un equipo de persoas de todos os colectivos da Facultade e de profesores de matemáticas do ensino medio e bacharelato, integrados na Comisión do 50 aniversario. A todos os que prestaron a súa colaboración, en nome da Facultade, quero darlles as grazas polo esforzo realizado e pola enerxía posta para conseguir un traballo ben feito. Permitídmeme, se embargo, que mencione expresamente algúns: Elena Vázquez Abal, Victoria Otero, Carmen Rodríguez e a subcomisión do programa de actividades científicas culturais e lúdicas agrupadas baixo o nome de Matetodotodomate; Regina Castro, Elena Vázquez Cendón, Luis Hervella e a Subcomisión de Actos

Institucionais; os Comisarios e Organizadores da Exposición Retrospectiva dos 50 anos: Luis Cordero, José A. Docobo, Luis Cachafeiro, Rosa Bassave, Ana Portugués e Iván Fernández. Todas estas actividades tiñan o mesmo obxectivo: mostrar á sociedade o que tiñamos feito como Facultade de Matemáticas e o que somos capaces de facer, exhibindo o interese por achegarnos cada vez máis a esa sociedade que, a miúdo, nos ve subidos nun pedestal e lonxe do mundo real.

Como herdeiros da gran tarefa feita polos nosos devanceiros, no momento de dar remate a esta celebración, a Facultade dedicaralle cadansúa aula a seis docentes destacados pola relevancia da súa achega á implantación dos estudos de Matemáticas na USC. A Xunta de Facultade acordou que estes espazos recibiran o nome de Ramón María Aller Ulloa, Enrique Vidal Abascal, Eduardo García-Rodeja Fernández, Antonia Ferrín Moreiras, Antonio Valle Sánchez e Ramiro Melendreras Gimeno.

Temos a fortuna de ter entre nós a Profesora Ferrín, primeira doutora en Matemáticas da USC coa primeira tese lida na sección de Matemáticas, que a pesares dalgúns problemáticas de saúde propios da idade non dubidou en compartir con nós esta xornada. Transmítolle un saúdo con agarimo especial. Lamentables e tristes acontecementos familiares impedíronlle ao profesor Valle achegarse. Enviámoslle tamén un saúdo especial. Acompañánnos nesta sala familiares, amigos e antigos alumnos dos homenaxeados, algúns deles, destacados profesores universitarios. A todos, benvidos e grazas por estar con nós neste día.

Nos esbozos biográficos que antigos alumnos dos profesores homenaxeados nos presentarán a continuación poderemos entrever a magnitude da súas achegas cara a implantación dos estudos de matemáticas nesta universidade. Achegas feitas en tempos históricos no que o labor científico revestía un carácter pouco menos que heroico. Razón máis que sobrada para que fixemos os seus nomes na nosa memoria e nas paredes desta Facultade, para exemplo das actuais e futuras promocións de matemáticos.

Como lembranza deste 50 aniversario, ficará tamén a fermosa escultura que o artista galego Álvaro de la Vega, ten a xentileza de ceder á Facultade. Ao final do acto teremos ocasión de admirar a súa magnífica

obra. Álvaro tamén está hoxe con nós. En nome de toda a Facultade, transmítoche o noso agradecemento. É unha honra poder admirar a cotío unha das túas creacións.

Unha placa no Recanto da Saudade doada pola Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC servirá tamén de lembranza deste ano extraordinario para a nosa Facultade.

No capítulo de agradecementos é obrigado incluír os organismos e entidades que patrocinaron esta celebración. Sentímonos honrados de recibir hoxe aos representantes destes organismos e testemuñarlles persoalmente o noso agradecemento.

Nestas breves palabras de benvida non hai tempo para as referencias históricas que un acto como este evoca. Permítanme tan só mencionar que nestes 50 anos, son mais de 2.500 os licenciados saídos das aulas da Facultade e dende que a nosa madriña Antonia Ferrín se doutorara no ano 1963, ata agora, leron a súa tese un total de 210 doutores, dos que exactamente un terzo son mulleres.

Aproveitarei os minutos para referirme a actualidade e as perspectivas de futuro da nosa Facultade e das Matemáticas en Galicia. Tan só tres Facultades españolas ofrecen neste curso un título de Grao en Matemáticas, adaptado a normativa de Espazo Europeo de Educación Superior. A nosa é unha delas. Aproveito para agradecer á Reitoría e Dirección Xeral de Calidade e Ordenación do SUG o seu apoio no trámite da nova titulación, non exento de diferenzas e discusións felizmente resoltas. Con 80 alumnos novos matriculados neste primeiro ano, estamos entre as 5 primeiras facultades do país en captación de alumnos. Isto supón un éxito colectivo que temos que aproveitar para formar os matemáticos que a comunidade necesita nos vindeiros anos. Temos que redobrar os esforzos na atención e na formación destes alumnos, evitando a súa desilusión ou o seu abandono.

A oferta docente do Grao ofrece a formación necesaria para competir nun mercado laboral no que os matemáticos son demandados dende ámbitos moi diversos e pretende dar resposta ás necesidades formativas duns alumnos que chegan a Facultade cunha bagaxe matemática e unhas expectativas moi distintas das de anos atrás. A educación matemática

destes estudantes preuniversitarios tamén deberá ser revisada á luz da nova formación de profesores que supón o Máster de Profesorado.

Neste momento na Facultade impártense 3 programas de doutoramento con mención de calidade, que inclúen 2 títulos oficiais de Máster de perfil profesional-investigador (Enxeñaría Matemática e Técnicas Estatísticas). Un terceiro Máster en Matemáticas, de carácter investigador, aprobado fai dous días, implantarase no curso 2009/10. **Somos pois unha Facultade pioneira, unha das primeiras do Estado, en ter adaptada toda a súa oferta docente ás directrices europeas.**

As matemáticas de Galicia, e a nosa Facultade en particular, teñen un protagonismo importante no éxito alcanzado pola matemática española no últimas décadas. Cábenos a satisfacción de ter sido elixidos para organizar varios congresos mundiais de diversas especialidades e reunións da transcendencia do Encontro das Sociedades Latinoamericanas de Matemáticas (2003) ou da Asemblea Xeral da Unión Matemática Internacional (2006).

Os organismos públicos nacionais e autonómicos recoñecen esta realidade das Matemáticas e veñen prestando un apoio sen precedentes para manter os niveis internacionais alcanzados. En particular, a Dirección Xeral de I+D+I afronta con decisión a posta en marcha de novas estruturas de investigación matemática como son o Centro de Ciencia Computacional e a sede Galega do Centro Nacional de Investigación en Matemáticas (IEMath-Galicia), aos que a comunidade matemática galega accede por méritos propios, fronte a outras apostas competitivas. Estas infraestruturas suporán un salto cualitativo que deixará unha pegada importantísima na historia das matemáticas en Galicia.

Amigos e amigas, este 50 aniversario será recordado polos actos retrospectivos e entrañables da familia matemática galega. Pero tamén o será porque ocorre nun momento en que as Matemáticas en Galicia están nun gran momento, ante unha magnífica oportunidade para ensanchar os seus logros ata límites que os nosos antepasados nunca soñarían. Esta é a mellor forma de celebrar os 50 anos, de encetar o futuro e render homenaxe aos pioneiros que loitaron por dar pulo aos estudos de Matemáticas, imprescindibles para o progreso da humanidade. Grazas.